Miércoles, 11 de Abril de 2007







# Un proxecto recupera a toponimia dos lugares do concello de Vedra

**(la voz | santiago)**

?onservar a toponimia dos lugares de Galicia converteuse nun traballo de chineses, debido á gran dispersión poboacional galega que provocou que existan milleiros de nomes para identificar os lugares. É aínda máis complicado á hora de coñecer as denominacións de terras, montes, regueiros, fontes e un longo etcétera. É o que veñen de facer no concello de Vedra. Alí presentouse onte o proxecto ***A toponimia do concello de Vedra*** , que tamén estivo exposto ao público no centro sociocultural da terceira idade que hai no municipio.

No acto de presentación interviron o alcalde, Odón Cobas, a directora xeral de Administración Local, Matilde Rodríguez, a secretaria xeral de Política Lingüística, María Sol López, o director do proxecto Toponimia de Galicia, Xermán García, o coordinador dos traballos dese proxecto, Vicente Feijoo, e a técnica Susana Siva.

O traballo enmárcase no máis amplo sobre a toponimia de toda Galicia, que botou a andar no ano 2000. Está promovido pola Xunta e intenta recuperar todos os topónimos orixinais comunidade autónoma, partindo da súa enorme abundancia pero tamén da súa gran riqueza. Moitos deses nomes só perviven na tradición oral dos habitantes dos lugares.